



### **3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

#### **INSTRUCCIÓNS:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es) logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



1. Sinale a palabra CORRECTA en galego:

- A) Cobarde.
- B) Garabanzo.
- C) Avó.
- D) Esbelto.

2. Indique a palabra INCORRECTA:

- A) Maior.
- B) Maestro.
- C) Curto.
- D) Ovo.

3. Sinale a relación INCORRECTA singular/plural:

- A) Lei/Leis.
- B) Lacazán/Lacazanes.
- C) Calor/Calores.
- D) Sol/Soles.

4. Indique a palagra de xénero masculino:

- A) Friaxe.
- B) Porcentaxe.
- C) Paisaxe.
- D) Paxe.

5. Sinale o nome INCORRECTO das seguintes profesións:

- A) Albanel.
- B) Estudante.
- C) Enxeñeiro.
- D) Conductor.

6. Sinale a palabra INCORRECTA:

- A) Pranta.
- B) Prata.
- C) Prato.
- D) Prazo.

7. Sinale a serie CORRECTA:

- A) Pavillón-vaixela-varanda-voitre.
- B) Pabillón-vaixela-baranda-voitre.
- C) Pavillón-baixela-varanda-boitre.
- D) Pavillón-vaixela-varanda-boitre.

8. Sinale a expresión INCORRECTA:

- A) Sanitarios locais.
- B) Persoal facultativo.
- C) Persoal sanitario.
- D) Funcionarios sanitarios.

9. Indique o infinitivo correcto:

- A) Barrer.
- B) Salir.
- C) Decir.
- D) Durmir.

10. Indique cal das seguintes palabras é sinónimo de "tempas":

- A) Sen.
- B) Seo.
- C) Caluga.
- D) Cabeza.

Preguntas de reserva

1. Indique a forma CORRECTA en galego para o número cardinal 49:

- A) Coarenta e nove.
- B) Corenta e nove.
- C) Cuarenta e nove.
- D) Coarentaenove.

2. Sinale a frase escrita de xeito INCORRECTO:

- A) Eles marcharon canda vós.
- B) A presa está chea de auga.
- C) Chama ti por él.
- D) O neno rompeu a póla da árbore.